

ANUNCIO NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS E NA PÁXINA WEB DO CONCELLO

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2025-0969, con data de 20/03/2025, pola que aprobou a lista definitiva de persoas admitidas, o órgano de selección e a data de realización da fase de oposición do proceso de selección que se convocou para a contratación laboral temporal de 3 GUÍAS DE TURISMO para levar a cabo o PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2025 da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3: Activación do emprego 2025), na cal se establece o seguinte:

“RESOLUCIÓN

A Deputación de Pontevedra outorgou ao Concello de Redondela unha axuda de 238.843,33 euros para levar a cabo o Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025 da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3: Activación do emprego 2025), para a contratación laboral temporal de 11 traballadores/as, a tempo completo.

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2025-0811, con data de 06/03/2025, pola que aprobou as bases que rexen a contratación de 11 persoas traballadoras (3 GUÍAS DE TURISMO; 7 PEÓNS DE OBRAS E SERVIZOS; 1 AXUDANTE DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓNS DE ELECTRICIDADE), por medio dun contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena, apartado primeiro da Lei de emprego, para a realización do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Máis Provincia) 2025.

De acordo co establecido nas Bases reguladoras e na convocatoria do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025 da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3: Activación do emprego 2025), o concello recorreu á oficina pública de emprego do servizo público de emprego de Galicia para realizar a preselección das persoas candidatas que reúnan os requisitos das bases a través da presentación das correspondentes ofertas de emprego.

A oficina pública de emprego do servizo público de emprego de Galicia preseleccionou ao seguinte número de persoas candidatas:

-3 GUÍAS DE TURISMO (Oferta 12-2025-1881): 9 persoas.



A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2025-0895, con data de 13/03/2025, pola que se aprobou a lista provisional de persoas admitidas do proceso selectivo que se convocou para a cobertura de 3 postos de GUÍAS DE TURISMO.

Tras finalizar o prazo de alegacións e segundo o previsto nas bases reguladoras destes procesos selectivos que se aprobaron con data de 06/03/2025, é polo que, e en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Admitir, **con carácter definitivo**, no proceso de selección que se convocou para a contratación laboral temporal de 3 GUÍAS DE TURISMO, ás seguintes persoas aspirantes:

N.º	APELIDOS E NOME	DNI
1	ALLO CHAPELA, MARÍA REMEDIOS	*****262-G
2	BALADO FIGUEROA, ANA	*****593-H
3	DOMÍNGUEZ RODRÍGUEZ, SONÍA MARÍA	*****639-B
4	GATO PADIN, MARÍA CRUZ	*****252-B
5	LÓPEZ DEL ESTAL, MARÍA JESÚS	*****308M
6	MATA COMESAÑA, PATRICIA BELÉN	*****437-K
7	OUTERELO JUSTO, MANUEL	*****002-N
8	SÁNZ GONZÁLEZ, ENRIQUE	*****167-B

*Segundo o previsto no apartado 7.3 das bases xerais de convocatorias de procesos de selección de persoal do Concello de Redondela que se publicaron no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO), núm.: 50, do 13/03/2015, o feito de figurar incluído/a na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que as persoas aspirantes admitidas superen as probas selectivas.

SEGUNDO: Designar o órgano de selección do proceso selectivo que se convocou para a contratación laboral temporal de 3 GUÍAS DE TURISMO, que estará integrado polos seguintes membros:



PRESIDENTE:

Titular: Xurxo Martínez González

Suplente: Patricia Carrera Soto

VOGAIS:

Titular: Sandra Alonso Plata

Suplente: Alejandra Fernández Conde

Titular: Ana M.^a Barreiro Rivas

Suplente: Sonia M.^a Puga Gándara

Titular: Xose Ramón Mato Lodeiro

Suplente: Juan Manuel Estévez Lamas

SECRETARIA:

Titular: M.^a Carmen López Duarte

Suplente: Olalla Casanova Fernández

TERCEIRO: O órgano de selección reunirase para a súa constitución o:

DÍA: 21/03/2025

HORA: 09:00 horas

LUGAR: Telematicamente

CUARTO: As persoas admitidas quedan convocadas para a realización da fase da oposición o:

DÍA: 24/03/2025

HORA: 09:30 horas

LUGAR: Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira, s/n, Redondela.

QUINTO: Publicar na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello a relación definitiva de persoas admitidas, o órgano de selección e a data de realización da fase de oposición deste proceso selectivo.”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

